

O recordo dos represaliados fíxose vivo nun percorrido pola vila rianxeira

A localidade deu cabida á última xornada do Seminario sobre a Memoria

MARTA GÓMEZ

RIBEIRA / LA VOZ

Os participantes na terceira edición do Seminario sobre a Memoria, organizado polos institutos de Melide e Rianxo, Nova Escola Galega e Barbantia e que tivo, en boa medida, como escenario distintos puntos da bisbarra, pecharon onte tres intensas xornadas de actividades cunha visita á vila rianxeira. O programa prevía un percorrido polos espazos vitais dos prisioneiros no franquismo e esa viaxe a través dos poucos recordos que quedan desa época serviu para que a lembranza dos represaliados se fixese máis viva que nunca.

O lugar que ocupou o campo de concentración no Castelo ou o cemiterio rianxeiro, onde descansan algúns dos prisioneiros da época, foron dous puntos clave dunha visita na que os escritores e historiadores locais Xesús Santos e Xesús Costa actua-

«Sen educación, sen ensino, non se pode lograr unha sociedade libre e igualitaria»

Adolfo Muíños


Alcalde de Rianxo

«O sufrimento daqueles que loitaron por uns ideais de liberdade é de todos»

Xesús Laíño

Presidente de Barbantia

ron como guías de excepción. Outra das paradas importantes foi o Cuartel Vello, pero non só polo seu pasado como acuartelamento da Garda Civil, senón



Os asistentes, camiño do auditorio para visualizar un documental. C.Q.

pola súa orixe.

Contrariamente ao que cre moita xente, ese edificio non foi erguido para ser casa-cuartel, senón para ser unha escola da primeira república. O propio Xesús Costa, segundo se contou onte, tiña unha teima especial en que se recoñecera que foi a corporación presidida por Manuel Seco Tarrío a que puxo en marcha as obras, no 1873, para levantar un centro educativo para nenos e nenas. Por iso, onte, se deu por inaugurada unha placa conmemorativa na fachada do inmovible.

Documental e coloquio

A continuación, a expedición puxo rumbo ao auditorio municipal para continuar coas activi-

dades dun seminario que tocou ao seu fin coa proxección dun documental sobre a illa de San Simón e un coloquio protagonizado por Santos e Costas sobre os campos de concentración no Barbanza.

Antes diso, celebrouse un pequeno acto oficial no que todos os intervintes, sen excepción, reivindicaron a necesidade de facer memoria. O alcalde rianxeiro, Adolfo Muíños, asegurou que é unha tarefa dos poderes públicos «manter ese facho de lembranza aceso mentres haxa bágoas e xente que sofre». Pola súa banda, a responsable da Nova Escola Galega reivindicou tamén a loita contra «o alzhéimer inducido ao que nos quen levar», dixo.